

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Prórroga vixencia das listas para a provisión temporal de postos de traballo do Concello de Mugardos. Categoría arquitecto/a

ANUNCIO

PRÓRROGA VIXENCIA DAS LISTAS PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MUGARDOS. CATEGORÍA ARQUITECTO/A

Polo Concelleiro de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, D. José Minguel Mahía Prados (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 747/2020, do 02.09.2020) , dictouse a resolución que entre outros asuntos, resólvese o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 747/2020.- ... E visto que a lista ou bolsa de traballo para posibles contratacións laborais temporais dun/dunha arquitecto/a, está caducada con efectos do día 15.08.2020, e sendo materialmente imposible proceder á confección dunha lista para provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugardos na citada categoría, e tendo en conta a necesidade de efectuar contratacións para a substitución do persoal municipal nos supostos de baixa laboral, vacacións, etc..., faise necesario dispor de listas de substitución.

...pola presente RESOLVO:

1.- Prorrogar a vixencia da lista ou bolsa de traballo para posibles contratacións laborais temporais dun/dunha arquitecto/a ata a confección dunha nova lista para provisión temporal de postos de traballo no Concello de Mugardos na citada categoría.

...

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.”

Contra o presente acordo, definitivo en vía administrativa, poderán as/os interesadas/os interpoñer, con carácter potestativo, o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia. Si se interpón o recurso de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ó de aquel no que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderase impugnar directamente o presente acto ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A tal efecto poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación da presente, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol.

Asemesmo, poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

Mugardos, 2 de setembro de 2020

O CONCELLEIRO DE FACENDA, PERSOAL E PARTICIPACIÓN CIDADÁ,
ASDO. JOSÉ MIGUEL MAHÍA PRADOS

2020/6150